

**D. FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO, SECRETARIO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA ENTIDADE MERCANTIL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA), CON C.I.F. A-15.683.477**

---

**CERTIFICO:**

Que o Consello de Administración da Empresa Municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), na sesión celebrada o día 28 de marzo de 2016 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PUNTO NOVE DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/UNHA DIRECTOR/A XERENTE PARA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.-TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DE APROBACIÓN DA COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Á vista da proposta do Presidente do Consello de Administración acórdase, por unanimidade dos presentes:

**PRIMEIRO:**

- **Modificar o punto nove das bases reguladoras** da convocatoria do proceso selectivo para a contratación dun/unha Director/a Xerente para Incolsa –Turismo de Santiago de Compostela, aprobadas en sesión do Consello de Administración de data 11 de febreiro do ano dous mil dezaseis, nos seguintes termos:

**9. - TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Unha persoa en representación do Concello de Santiago de Compostela, designada polo Consello de Administración de INCOLSA, que actuará en calidade de presidente/a (titular e suplente)
- Unha persoa en representación da Asociación de Hostelería de Santiago de Compostela, (titular e suplente)
- Unha persoa en representación da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, (titular e suplente)
- Unha persoa en representación do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas, (CETUR), da Universidade de Santiago de Compostela (titular e suplente)
- Unha persoa en representación da Axencia Turismo de Galicia, nomeada pola súa Directora-Xerente, (titular e suplente).
- Unha persoa, representante sindical do persoal de INCOLSA, quen actuará con voz, pero sen voto, no proceso. (A representante sindical poderá delegar noutro/a traballador/a da empresa)
- Un/ha secretario/a, con voz e sen voto, cargo que será *ocupado por un funcionario/a* do Concello de Santiago de Compostela (titular e suplente),

Cada unha das entidades propondrá un home e unha muller, para así dar cumprimento ao disposto no art. 16 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, corresponderalle ao Consello de Administración de INCOLSA, atendendo ao criterio de igualdade previsto nesta norma, determinar a composición exacta do tribunal, designando aos membros titulares e aos seus suplentes.

Os membros do tribunal elixidos por cada entidade representada deberán estar en posesión dun título de doutor/a, licenciada/o ou graduada/o universitario e non ser cargos electos. O Tribunal poderá ser asistido por persoal técnico que poderá participar tanto nas entrevistas como nas deliberacións, con voz pero sen voto.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia da Presidencia e da Secretaría ou, se é o caso, de quen os substitúa, e de máis da metade, polo menos, das persoas membros con voz e voto.

En todo o demais, o Tribunal axustará a súa actuación ao previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o funcionamento dos órganos colexiados e demais normas que lle poidan resultar de aplicación.

A composición deste Tribunal farase pública co acordo definitivo de admisión das candidaturas aos efectos do exercicio do dereito de abstención ou recusación.

No nomeamento do Tribunal terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos na súa composición. Así como o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo para a igualdade entre homes e mulleres.

## SEGUNDO:

En base ás propostas recibidas polas distintas entidades e organismos, que o Tribunal quede composto polas seguintes persoas:

- **Presidente:** Titular: D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo. Suplente: D<sup>a</sup> Carmela Domínguez Lage.
- En representación da **Asociación de Hostelería de Santiago de Compostela:** Titular: D. Ramón García Seara. Suplente: D<sup>a</sup> Gloria Zúñiga Rial.
- En representación da **Cámara de Comercio de Santiago** de Compostela: Titular: D. Fernando Barros Fornos. Suplente: D<sup>a</sup> Rosa Cardeso Trillo.
- En representación do **Centro de Estudos e Investigacións Turísticas**, (CETUR), da Universidade de Santiago de Compostela: Titular: D. Miguel Pazos Otón . Suplente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa del Río Araújo.
- En representación da **Axencia de Turismo de Galicia:** Titular: D<sup>a</sup> Elena Barca Ramos . Suplente: D. José Luis Maestro Castiñeira.
- **Representante sindical do persoal de INCOLSA:** D<sup>a</sup> Áurea M<sup>a</sup> Prieto Pérez, ou traballador/a da empresa en quen delegue.
- **Secretaria:** Titular: D<sup>a</sup> Rocío Montañés Fernández. Suplente: D<sup>a</sup> Carme Casado Casado.

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente de orde e co Visto e Prace do Sr. Presidente en Santiago de Compostela a 4 de abril de dous mil dezaseis.

V<sup>o</sup>. E Prace,  
O PRESIDENTE,

Asdo. Martiño Noriega Sánchez

O SECRETARIO